

mediante o recurso de reposición no prazo dun mes ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, ou ben impugnada directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

*Orde do 24 de xaneiro de 2005 pola que se aproba a modificación dos artigos 8, 11 e 49 dos estatutos da Fundación Escuelas Populares Gratuitas e se inscribe no Rexistro de Fundacións deste protectorado.*

Analizado o expediente de referencia, promovido pola *Fundación Escuelas Populares Gratuitas*, domiciliada na Coruña.

Resultando que esta fundación foi declarada institución benéfico-docente de carácter particular con data do 1 de xuño de 1912, polo Ministerio de Educación Nacional; e que por resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de marzo de 1986, se aprobou a adaptación dos estatutos da fundación á lexislación vixente, encontrándose inscrita no Rexistro de Fundacións desta consellería co número 17.

Resultando que a *Fundación Escuelas Populares Gratuitas* solicitou ante este protectorado a modificación dos artigos 8, 11 e 49 dos estatutos, co fin de adaptalos á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, segundo consta na certificación da súa aprobación polo padroado, con data do 10 de decembro de 2004, e na escritura pública do notario da Coruña, Francisco Manuel Ordóñez Armán, con data do 28 de decembro de 2004, co número de protocolo 4.437/04.

Vista a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da Lei 7/1983; así como o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, e a carta fundacional da referida fundación.

Considerando que as fundacións de interese galego poden modificar os seus estatutos coas condicións previstas no artigo 38 do citado regulamento.

Considerando que na tramitación do expediente se cumpriron os requisitos exixidos no artigo 10 da Lei 7/1983, e 32.3º e 38 do dito regulamento.

Considerando que esta modificación estatutaria é conforme coa vontade fundacional, esta consellería

*RESOLVE:*

Primeiro.-Aprobar a modificación dos artigos 8, 11 e 49 dos estatutos da *Fundación Escuelas Populares Gratuitas*, segundo consta na certificación do padroado de data 10 de decembro de 2004, e na escritura pública do notario da Coruña, Francisco Manuel Ordóñez Armán, con data 28 de decembro de 2004, protocolo número 4.437/04.

Segundo.-Practicar a inscrición desta modificación estatutaria no Rexistro de Fundacións deste protectorado, logo da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*, data a partir da que entrará en vigor tal cambio estatutario.

Terceiro.-A presente disposición, que pon fin á vía administrativa, de acordo co establecido no artigo 109 c) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá ser impugnada potestativamente mediante o recurso de reposición no prazo dun mes ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, ou ben impugnada directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

*Orde do 1 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de axudas complementarias do programa de acción da Unión Europea de mobilidade de estudantes Sócrates-Erasmus e Suíza e se anuncia a súa convocatoria, correspondente ao curso académico 2004-2005.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 xaneiro de 1988, *Diario Oficial de Galicia* do 17 de febreiro de 1988) transferiulle á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de abril). A Lei 11/1989, do 20 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de

Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, está a levar adiante unha política de asistencia económica aos estudantes que queda concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a mobilidade de estudantes, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Por esta orde, procédese a convocar as accións referentes á mobilidade estudantil, co obxectivo de favorecer novas oportunidades de formación e á incentivación do rendemento escolar.

Cómpre subliñar que estas accións son compatibles coas bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral, convocadas polo MEC, e coas axudas que para este fin destina a Comunidade Europea no marco do Programa Erasmus. Como accións complementarias que son cobren un ámbito de actuación común coas convocatorias de carácter nacional e un ámbito propio que, nalgúns casos e polas súas propias bases, permiten aumentar a cantidade da axuda que recibe o solicitante por parte do MEC.

Estas accións son incompatibles, agás coas bolsas e axudas referenciadas no parágrafo anterior, con calquera outra destinada a ese mesmo fin por algunha das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Polo que antecede, esta consellería

### *DISPÓN:*

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva axudas complementarias do programa de acción da Unión Europea (Sócrates-Erasmus), e Suíza destinadas aos estudantes universitarios matriculados nunha das tres universidades públicas galegas ou nos centros asociados da UNED en Galicia, durante o curso 2004/2005 nunha titulación de carácter oficial e validez nacional.

Artigo 2º.-Orzamento e dotación económica.

Para a concesión das axudas convocadas nesta orde existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 na aplicación orzamentaria 07.05.322C.480.2, cunha contía de 753.700 euros, sen prexuízo de poder ser incrementada de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería.

Artigo 3º.-Período.

As actividades que se subvencionan nesta convocatoria serán realizadas durante o curso académico 2004-2005.

Artigo 4º.-Requisitos.

Poderán solicitar estas axudas os alumnos universitarios que cumpran os seguintes requisitos:

-Estar matriculado no curso 2004-2005, en calquera das universidades públicas desta Comunidade Autónoma (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) ou nos centros asociados da UNED en Galicia.

-Cursar estudos regrados de carácter oficial e validez nacional de 1º ciclo ou 1º e 2º ciclo.

-Ter concedida unha bolsa do programa Sócrates-Erasmus, ou do Goberno suízo.

-Non ter desfrutado desta bolsa en convocatorias anteriores.

Artigo 5º.-Solicitudes e prazo de presentación.

a) As solicitudes, segundo o modelo ED417A que se publica como anexo a esta orde, asinadas polo interesado, pais ou titores legais; presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dirixidas á Dirección Xeral de Universidades-Subdirección Xeral de Universidades (edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela); ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), para a presentación de instancias. Se no uso deste dereito a solicitude é remitida por correo presentarase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación.

b) O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Documentación.

-As solicitudes, segundo modelo ED417A, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Copia do DNI do solicitante.

b) Copia compulsada da declaración da renda, correspondente ao ano 2003, de cada membro da unidade familiar obrigado a declarar, ou documento acreditativo da axencia tributaria de non estar suxeito á declaración ante Facenda.

c) Certificación académica completa na que se fará constar a nota media do expediente académico, calculada de acordo co establecido no artigo 8º das bases da convocatoria, o resumo do número de créditos superados segundo a valoración académica con especificación das convocatorias, ou copia compulsada dela. Así mesmo, especificarase tamén as materias ou créditos no que se atopa matriculado o alumno no curso 2004/2005. No caso de validación se deberá presentar a certificación da institución de orixe.

d) Declaración xurada na que o solicitante indique se ten ou non solicitada ou concedida outro tipo de bolsa ou axuda para a mesma finalidade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, coa que se entenderá cumprido o mesmo requisito exixido previo ao pagamento.

e) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do interesado, no que conste o número da conta do cliente e os códigos que identifican o banco, a oficina, e o díxito de control.

#### Artigo 7º.-Tramitación.

Unha vez comprobado que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde de convocatoria, expóranse as listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas por documentación nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais, e nos vicerreitorados de estudantes das tres universidades galegas, sinalando, se é o caso, as causas de exclusión.

Así mesmo, estas listas tamén poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: [www.edu.xunta.es/](http://www.edu.xunta.es/)

As listas provisionais de admitidos e excluídos por documentación estarán expostas desde o 11 ao 20 de abril de 2005 (ambos os dous incluídos). Os interesados poderán, durante ese mesmo prazo, formular as reclamacións para emendar erros e faltas de documentos ante a Dirección Xeral de Universidades, presentando se é o caso, a documentación necesaria.

Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión archivarase o expediente sen máis trámite.

#### Artigo 8º.-Selección.

Todos os solicitantes que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, e teñan a documentación completa no prazo sinalado, recibirán unha axuda económica en función da súa permanencia no Programa, que se distribuirá do seguinte modo:

Un trimestre: 100 euros.

Un cuadrimestre: 200 euros.

Curso completo: 300 euros.

As universidades do Sistema Universitario de Galicia e os centros asociados da UNED enviarán á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria listaxes completas dos estudantes bolseiros do Programa Sócrates-Erasmus ou do Goberno suízo, indicando a duración das estadias, segundo estes tramos. Nas listaxes indícarase o nome e apelidos do estudante, o DNI, o país de destino e a duración da estadia (trimestre, cuadrimestre ou curso completo).

\* Unha vez adxudicada a contía correspondente, tal como se sinala no parágrafo anterior, o orzamento restante adxudicarase entre aqueles solicitantes que posúan as mellores notas medias no seu expediente

académico. A contía exacta para percibir determinarase en función de:

#### 1. Expediente académico.

Segundo sexa a nota media do seu expediente académico a contía máxima para percibir, non poderá superar os 1.500 euros.

2. País no que estea situado o centro universitario onde realiza os seus estudos, de acordo coa seguinte estruturación:

a) Dinamarca, Estonia, Finlandia, Suecia, Letonia, Lituania (contía 400 euros).

b) Alemaña, Austria, Bélxica, Holanda, Chipre, Francia, Grecia, Hungría, Eslovaquia, Eslovenia, Irlanda, Italia, Malta, Polonia, Reino Unido, República Checa, Luxemburgo (contía 300 euros).

c) Portugal (contía 180 euros).

d) Suíza e resto de países pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (contía 300 euros).

#### 3. Ingresos familiares:

Ata un máximo de 220 euros en rendas inferiores a 3.000 euros por membro da unidade familiar.

\* A dotación económica asignada a cada beneficiario non poderá superar os 2.420 euros.

Para os efectos de selección a valoración da nota media do expediente académico calcularase de acordo co seguinte baremo:

-Matrícula de honra: 4 puntos.

-Sobresaliente: 3 puntos.

-Notable: 2 puntos.

-Aprobado: 1 punto.

Segundo o plan de estudos que se cursase, esta nota media calcularase do modo que segue:

a) Estudos organizados por materias:

Media = suma de notas de cada materia / nº total de convocatorias empregadas.

b) Plans de estudos estruturados por créditos:

Media = (N1.P1 + N2.P2+ ...) / (C1.N1+ C2.N2+ ...).

Onde:

N1 = número de créditos de cada materia.

P1 = puntuación de cada materia.

C1 = número de convocatorias empregadas en cada materia.

Non se terán en conta, para o cálculo da nota media, as materias ou créditos que, segundo os plans de estudos só se poidan cualificar como apto, nin o recoñecemento de créditos nos que non figure cualificación.

As materias ou créditos validados, sen que se especifiquen na validación a cualificación obtida, valoraranse como aprobados.

Os complementos de formación serán computados do mesmo xeito que as restantes materias

Artigo 9º.-Comisión avaliadora.

A selección dos candidatos será realizada por unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente:

O director xeral de Universidades ou, por delegación, o subdirector xeral de Universidades.

Vogais:

Vicerreitor de Estudantes da Universidade da Coruña.

Vicerreitora de Estudantes e Relacións Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela.

Vicerreitor de Extensión Universitaria e Estudantes da Universidade de Vigo.

O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

Secretario:

Un funcionario da Dirección Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

Artigo 10.-Resolución.

Efectuada a selección pola comisión, esta elevará, a través da Dirección Xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 11º.-Pagamento.

As axudas aboaranse na conta bancaria indicada polo interesado, unha vez presentada a declaración xurada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asinado nos orzamentos para este fin, agás o estipulado no artigo 2º.

Segunda.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polo beneficiario ou solicitante, segundo o disposto no artigo 78.10º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Terceira.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Cuarta.-Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidesen asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. O dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral, ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Quinta.-Para os efectos establecidos no artigo 10 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro (*Diario Oficial de Galicia* do 11 de decembro), pola que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde, será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditarse resolución expresa no prazo sinalado no parágrafo anterior.

Sexta.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o director xeral de Universidades para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adaptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), de aplicación xeral de subvencións e ás do seu desenvolvemento, igualmente aos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 Dirección Xeral de Universidades

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS COMPLEMENTARIAS DO PROGRAMA DE ACCIÓN DA U.E. DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES (SÓCRATES-ERASMUS)</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED417A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

APELIDOS		NOME		DNI / NIF
ENDEREZO			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

**DATOS ACADÉMICOS**

ESTUDOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA		
FACULTADE/ESCOLA	TITULACIÓN	
UNIVERSIDADE	CAMPUS	
ESTUDOS NO ESTRANXEIRO		
UNIVERSIDADE	PAÍS	DURACIÓN DA ESTADÍA

**DATOS BANCARIOS**

ENTIDADE	OFICINA	DÍXITO CONTROL	NÚMERO DE CONTA
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

<input type="checkbox"/> Copia do DNI/NIF	<input type="checkbox"/> Documento facilitado pola entidade bancaria.
<input type="checkbox"/> Copia compulsada da declaración da renda (2003).	
<input type="checkbox"/> Certificación académica compulsada.	
<input type="checkbox"/> Declaración xurada do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade.	

OBSERVACIÓNS:

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 1 de febreiro de 2004 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de axudas complementarias do programa de acción da Unión Europea de mobilidade de estudantes Sócrates-Erasmus e Suiza e se anuncia a súa convocatoria, correspondente ao curso académico 2004-2005.</i> <i>Lei 11/1989, do 20 de xullo.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE   , de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAIDA / /

## DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR COS QUE CONVIVE

	Apelidos e nome	Parentesco (Pai, nai, irmáns, ...)	Profesión	DNI
1	_____	_____	_____	_____
2	_____	_____	_____	_____
3	_____	_____	_____	_____
4	_____	_____	_____	_____
5	_____	_____	_____	_____

¿Ten vostede algunha discapacidade que afecte a súa mobilidade?:  Si  Non

## DATOS ECONÓMICOS (ANO 2003)

## RENDA

Se calquera dos membros da unidade familiar non presentou a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2003, ou *tivo ingresos adicionais que non figuren na declaración*, cubra os seguintes datos:

Nome do perceptor/a

Ingresos totais 2003

_____	_____
_____	_____
_____	_____

TOTAL UNIDADE FAMILIAR

**Nota:** neste punto deben incluírse, en todo caso, calquera tipo de ingresos (pensións, bolsas MEC, etc.) que non estean consignados nas declaracións presentadas xunto con esta solicitude.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Corrección de erros.-Decreto 298/2004, do 16 de decembro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.*

Advertidos erros no citado decreto, publicado no DOG nº 249, do 24 de decembro de 2004, cómpre facer as oportunas correccións:

Na páxina 18.055, na epígrafe B), onde di: «Déficit 3-B-hidroxiesteroide deshidroxenasa», debe dicir: «Déficit 3-β-hidroxiesteroide deshidroxenasa»; onde di: «Déficit 17-hidroxilasa», debe dicir: «Déficit 17-α-hidroxilasa», e onde di: «Déficit 11-B-hidroxilasa», debe dicir: «Déficit 11-β-hidroxilasa».

*Orde do 3 de febreiro de 2005 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade.*

Para acadar unha maior axilización no trámite e resolución dos asuntos atribuídos ao titular da consellería, o que beneficia tanto á Administración coma aos administrados, e sen esquecer o debido respecto aos principios informadores do procedemento administrativo e ás súas garantías xurídicas, os órganos da Administración veñen facendo uso da fórmula da delegación competencial.

Publicado o Decreto 13/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, abrangendo os seus órganos centrais e periféricos, cómpre adecuar á nova estrutura as normas de delegación existentes.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro (modificada por Lei 11/1988, do 20 de outubro) reguladora da Xunta e do seu presidente; o artigo 4.8º do Decreto 13/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade; os artigos 8 e 72.4º do Decreto legislativo 1/1999 (modificado polas leis 5/2000, do 28 de decembro, e 8/1999, do 30 de decembro) que aprobou o texto refundido la Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; e tendo en conta o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (modificada por Lei 4/1999) sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e nos artigos 42 e 43 da Lei 1/1983 (modificada por Lei 11/1988, do 20 de outubro) reguladora da Xunta e do seu presidente,

## DISPOÑO:

Primeiro.-Deléganse no secretario xeral da consellería, as seguintes facultades:

a) Dispoñer de canto atinxa ao réxime interno da consellería, cando non sexa competencia doutro centro directivo.

b) Despacho e resolución dos expedientes de índole administrativa que lle estean atribuídos ao titular da consellería.